



Dúbdas frecuentes na documentación inicial dos PFPP (Curso 2024-2025)

1. ¿Quen solicita un PFPP?

A dirección dun centro educativo.

2. ¿Cando e onde teño que facer a preinscrición para o PFPP do meu centro educativo? ¿Cando remata o prazo?

Soamente se fai no caso de que o ano anterior o meu centro educativo non tivese PFPP ou marcase a opción de "non continuidade". **O prazo límite é o 23 de setembro de 2024.** A preinscrición realízase desde:

FPROFE -> CONVOCATORIAS -> SOLICITAR

3. ¿Cando teño que ter completa e entregada toda a documentación inicial do PFPP?

O **10 de outubro de 2024**. A documentación complétase a través de **FPROFE -> CONVOCATORIAS**

4. ¿Que documentos teño que xerar e entregar ao CFR de Ourense?

Son 4 os documentos a entregar firmados (no caso de centros de NOVA INCORPORACIÓN):

- **Documento de "Detección necesidades"** na correspondente sección de "Detección necesidades" do PFPP en FPROFE (botón XERAR INFORME), **Anexo I, Anexo II e Certificado de información en claustro e consello escolar**, na correspondente sección de "Datos de actividade" do PFPP en FPROFE (botón XERAR INFORMES)

Un único documento (no caso de centros de CONTINUIDADE):

- **Anexo II (proxecto)** na correspondente sección de "Datos de actividade" do PFPP en FPROFE (botón XERAR INFORMES)

Prazo límite o 10 de outubro de 2024.

5. ¿Cales son as liñas principais da oferta formativa 2024-2025?

Son cinco: (1) didáctica, (2) dixital, (3) innovación e investigación, (4) convivencia e inclusión, (5) comunicación e plurilingüismo. Cada liña prioritaria traballa dúas ou tres competencias de xeito troncal.


6. Aparece unha liña de traballo do PFPP do ano pasado que quero eliminar, ¿como fago?

Débase eliminar en orde desde o máis baixo nivel ata o máis alto:

1. Indicadores asociados a esa liña.
2. Actividades asociadas a esa liña.
3. Itinerarios asociados a esa liña.
4. Liña en cuestión.

7. Características xerais dun PFPP

Un PFPP pode estar formado por unha ou varias liñas de traballo. A súa vez ditas liñas poden ter un ou máis itinerarios. Cada itinerario vai asociado a unha ou máis actividades que poden ser grupo de traballo, seminario e/ou curso. Cada itinerario ten asociados unha serie de indicadores de aplicación e impacto na aula.





8. Características dun grupo de traballo.

O número de **participantes** debe ser entre **3 e 10**.

O número de horas debe ser entre 20 e 50.

O máximo de **docencia** é do **20%** das horas totais.

O máximo de **traballo individual** é do **30%** das horas totais.

As sesións do grupo de traballo deben ser de mínimo 2h e máximo 4h.

9. Características dun seminario.

O número de **participantes** debe ser entre **8 e 20**.

O número de horas debe ser entre 20 e 50.

O máximo de **docencia** é do **30%** das horas totais.

O máximo de **traballo individual** é do **20%** das horas totais.

As sesións do grupo de traballo deben ser de mínimo 2h e máximo 4h.

10. ¿Que son os indicadores de avaliación da aplicación na aula?

Fan referencia ao impacto que dita actividade (grupo de traballo, seminario ou curso) ten no profesorado participante tendo unha implicación directa para o alumnado nese curso académico ou posteriores.

11. ¿Que son os indicadores de avaliación do impacto na aula?

Fan referencia ao impacto que dita formación nese itinerario ten sobre o alumnado.

12. ¿Cando remata o prazo para cubrir a memoria final do PFPP ao final do curso académico cos correspondentes materiais creados?

O **6 de xuño de 2025**. Non obstante, as actas cubertas en FPROFE e as facturas de material deben xa estar cubertas e entregadas o **30 de maio de 2025**.



13. ¿Recibo horas de innovación por participar no PFPP?

As persoas integrantes dos equipos de formación recibirán, adicionalmente, unha certificación como actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado por curso escolar, sempre e cando participase nalgunha actividade de formación do PFPP do centro.

14. ¿Quen forma parte do equipo de formación dun PFPP?

Director/a, Coordinador/a de formación ou Xefe/a de estudos, Coordinador/a de cada itinerario.

15. ¿Cal é o presuposto para cada liña do PFPP?

Cada liña de traballo (independentemente dos itinerarios que teña) ten un **presuposto máximo de 1000€** a repartir entre material funxible, docencia e os desprazamentos correspondentes.

16. ¿Pode un relator do propio centro educativo impartir a docencia?

A docencia pode ser impartida por profesorado con destino no propio centro educativo.